

DECLARACION DO PRIMEIRO CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA APROBADA POR ACRAMACION NA SESION DE CRAUSURA EFETUADA O 28 DE XULLO DE 1956

CONSIDERANDO:

1º — Que Galiza iós galegos, pola súa tradición cultural de sino humanístico e cristian; pola súa estrutura económica e polo seu senso de cooperación voluntaria vivindo en comunidade, son incompatibres con toda crás de ditadura, calisquera que sexa a súa forma, coor ou ideoloxía. Porque todo xeito de ditadura leva impricito a degradación da persoalidade human.

2º — Que por tales consideracións, basadas no noso ser, no noso pensar, no noso estar e no noso vivir, Galiza ten de ser unha Democracia pacífica, human, económica, espiritual e política civil e civilizada, respetuosa con todas as ideas e con todos os intereses e bens, lícitamente adquiridos;

POR TODO O CAL:

O Primeiro Congreso da Emigración Galega, celebrado en Buenos Aires na derradeira década do mes de Sant Yago de 1956, xunto con esta Declaración, fai un afervoadado chamado ós galegos espallados por todos os camiños, roitas e logares do mundo, aos que viven dentro dos lindeiros da propia Patria, pra lograr un avencellamento permanente, fraterno e cordial, pra loitar en percura de que as devanditas aspiracións, sexan efectiva realidade o denantes posibre.

Facemos extensivo este chamamento a todos os outros povos peninsulares ibéricos, —incruindo, naturalmente, a Portugal—, ea todos os demais povos do mundo, que comparten con nosco estes pensamentos: O home libre dentro do seu povo libre; eo povo libre vivindo e convivindo na comunidade universal dos homes e dos povos libres.

Buenos Aires, Xullo 28 de 1956.

RECOMENDACION

A seguido o Congreso aprobou tamén unha recomendación a todos os nosos emigrados para que loiten polas liberdades dos galegos que aínda sofren cadea por defender as ideas contidas na devandita Declaración.

EL PRIMER CONGRESO DE LA EMIGRACION GALLEGA RINDIO HOMENAJE AL PROCEER ARGENTINO DON BERNARDINO RIVADAVIA

El domingo 29 de julio en horas de la mañana, fué tributado el homenaje del Congreso de la Emigración Gallega al insigne hombre público, verdadero orientador y organizador genial en la época de su nacimiento a la Independencia y a la Libertad de la nueva gran República del Sur del Continente Americano: Argentina.

El "más grande hombre civil" de la tierra, de los Argentinos según lo calificó uno de sus historiadores, merecía nuestro homenaje de recordación: por su condición de hijo de gallego, por sus ideas liberales, por su obra progresista de enormes proporciones y de los más vastos alcances, por su clara, terminante y definida posición política.

Ante el imponente Mausoleo que guarda sus restos en la Plaza Miserere, magnífica obra de IRUR-TIA, con la asistencia del Intendente Municipal de la Ciudad de Buenos Aires, Arquitecto D. Luis María de la Torre y otras altas personalidades nacionales y comunitarias, las Autoridades del Congreso procedieron a colocar una ofrenda floral.

El Dr. RAMÓN SUÁREZ PICALLO, Delegado al Congreso por la Emigración gallega residente en Chile, resumió brevemente con la precisión y galanura que le es habitual, los rasgos más salientes de la personalidad del prócer recordado, señalando de un modo especial su acción como Secretario de la Primera Junta de Gobierno, Ministro, Diplomático y Primer Presidente de las Provincias Unidas del Río de la Plata. Lo recordó como fundador de la Universidad, de la Bolsa de Comercio, de la Sociedad de Beneficencia; creador de Escuelas de campaña, etc., etc.

El orador entusiastamente aplaudido por los congresistas a quienes representaba y por el numeroso público congregado en torno al mausoleo, fué cordialmente felicitado por las autoridades presentes por la fervorosa y certera evocación hecha del prócer y de su obra.

Mozas y mozos galleguistas, ataviados a la usanza típica de nuestra tierra, pusieron su nota de singular colorido, haciendo guardia al pie del monumento.



El Intendente Municipal de Buenos Aires, Sr. Luis María de la Torre y el presidente de la Comisión Organizadora del Congreso de la Emigración Gallega en el homenaje a Bernardino Rivadavia.

Opinión Gallega

Año XII — N° 170

Buenos Aires, Agosto - Septiembre de 1956

Redacción: Belgrano 2169

PONENCIA

PRA O PRIMEIRO CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA

Saúdo vibradoiro de emoción galega e espranzada, con respecto e simpatía, isa baril xuntanza... Miña ponencia sinxela e fonda, non ven de mín, remanece do ser devallatorio de Galiza inmorrente... Eú sómentes me atrevo a formulala sabendo que éla latexa, en difrentes tóns, en todo espírito galego:

"Urxenza de afirmarse en todo emigrante a concenza de outo e senlleiro destino histórico da Nosa Terra. Ela remanece na bondade e beleza do seus pensamentos e traballos".


Por a cultura, por as formas de conversa e da sociedade, no artigo, no libro, na conferencia, na radio, hai de acender ise lume a trocar a brasa envolteita en cinza en xenerosa chama.

Cada galego emigrante tén de se fortalecer

na idea de que vai con il un artista do porvir, de que pertence a unha xente e nación escolleitas pra levar ás Américas o mais cerne senso e vivencia da liberdade e do inmorrente... Pra elo abonda ser bon galego. Lanxe do espírito baixo e raposeiro téñese de erguer a valente e cotián afirmación de seu destino.

Non son precisas moitas letras. Abonda co leal sentimento. Vaise a traballar, a conquistar a liberdade económica... Mais o home millor trunfará ca aután concenza da súa terra. No traballo exenprar —non hai traballos indinos— que vexa cada ún sua obra, craro espello, no que a Galiza, en cada un dos seus fillos se quer retratare. ¡TERRA A NOSA!

RAMON OTERO PEBRAYO



Garda de mozos galegos no mausoleo de Bernardino Rivadavia.

O Idioma Galego no Congreso

Pra os que estamos acostumados a empregar sempre a nosa fala, xa sexa oralmente ou en escritos, pra os que sabemos como na nosa colexividade se fala sempre en ga'ego e se lle rende culto á patria empregando a súa verba, doce e mimosa, pro, tamen outiva e rexa, non é unha novidade, nin nos causa estraneza, ouvir a outros galegos espresarse no verbo sagro da Galiza sinxela i-afervoadamente, como compre aos bos fillos da nosa Terra, que sinten a ergulleza de se proclamar tales.

Mais, aos que non saben desta ledicia eufórica, espiritual e limpa, como auga crara de unha fontana gorgulante; aos que aínda, sexa por nugalha, ou por desamor, ou por incapacidade mental, ou por incompreensión do propio deber de galegos, non adoitan a falar a lingua da súa Terra e teñen asistido aos aitos preparatorios do Primeiro Congreso da Emigración Galega e ás trascendentes sesións do mesmo, e ousarían como todos os congresistas, chegados dende todos os puntos de América, dende as ourelas do Canadá até Punta Arenas, se espresaron en galego, a ises seguramente lles chamou a atención ise miragre (que tal debeu ser pra eles) de como todos os delegados, e de c'adas — que tamen os houb — falaban escrusivamente o Idioma Ga'ego, con tanta precisión, tanto orgullo e

sastifacción espiritual que debían ser como unha chamada ás a'mas e aos corazóns aínda pechados ó sentimento da Patria Galega, pra que se abran e sigan o eixemplo que se lles ofreceren nas diadas do Congreso.

N-efecto, isas diadas foron de gloria, de eisaltación e de afervoadado amor á fala galega; fala que se empregou non sómentes en conversas, discursos e conferencias, senon tamen en todas as proposicións que viñeron de Galiza e de América, nos diuturnos das Comisións e nas derredoiras declaracións do Congreso, concusións etc. Entre os delegados había doutores, estudantes, traballadores, banqueiros, homes de Empresa, profesores universitarios, (algunhos de Universidades de Norte América) e había tamén delegados arxentinos, representantes de entidades nosas; e todos, sin escepción, falaban a nosa lingua en todos os aitos do Congreso.

Temos visto, n-esas diadas fecundas do Primeiro Congreso da Emigración Galega, a presenza de moitas xentes non azevados aínda ás nosas xuntanzas e temos visto como, ouvindo falar en ga'ego, de cousas de Galiza e dos galegos, se lles anubran os ollos e lles baixaban pol's meixelas as bágoas, como estreliñas recién nadas no fondo dos corazóns e xurdidas á luz, pra testemuñar de unha graca escondida que

aínda non tiña afrorado e que se facía presente ao conxuro da fala galega, coma un miragre, coma unha revelación, como un despertar do sentimento como un voltar ao seo da patria lonxana, como un voar da:

"Pombiña voandeira de branca pruma... que dixera o poeta xa nos pasados tempos.

Foi o miragre da fala, foi a revelación, foi un "resurrexit" pra moitos que aínda non tiñan as almas abertas, que tiñan o pecado do esquecemento, e que se red'miron pol-as bágoas xurdidas ao conxuro da verba galega, verba da Patria, verba de nosas na's, verba que señoceou e se enouteceu no Primeiro Congreso da Emigración Gallega, e tamen pra o noso ción Gnalega, sola, porque ela soia abonda pra a nosa espiritualidade, pra o noso pensar, o noso vivir i-ó noso SER ga'ego.

"TIERRA VASCA"

Nuestros amigos vascos cuentan con un nuevo órgano de expresión, titulado "Tierra Vasca". Acaba de aparecer en Buenos Aires y está especialmente dedicado a difundir el ideario del nacionalismo vasco, y a combatir, consiguientemente, la dictadura franquista.

Saludamos al nuevo colega y lo hacemos con especial fervor, dado que coincidimos en ideales y también en los fines que nos proponemos. Auguramos a "Tierra Vasca"

Fallecimiento de Don José Ma. Ferreño

El día 18 del corriente mes, dejó de existir en esta capital Don José María Ferreño, figura gallega de gran prestigio y relieve en el ambiente de nuestra colectividad, en el comercio de esta plaza y en el seno de varias entidades argentinas culturales y deportivas, a las que estaba vinculado por su intensa actividad en ellas.

Era el señor Ferreño un hombre que, por la gravitación de sus méritos personales, había conquistado un puesto de honor en todos los ambientes en que actuaba, así como la especial consideración y el respeto sincero de quienes le conocieron y trataron. Hombre culto, dinámico, activo y correcto, poseedor de una capacidad a toda prueba en toda actividad creadora, vinculado a muy diversas instituciones y mostrando una conducta ejemplar, adquirió posiciones de jerarquía, en las que actuó con general beneplácito.

Figura conspicua de la colectividad gallega, actuó durante muchos años como miembro de la Junta Directiva del Centro Gallego en la que, últimamente y hasta el momento de su deceso, desempeñaba el cargo de Contador, siendo, a la vez, integrante de la Comisión de Cultura y de otras Sub-Comisiones del mismo Centro, en todas las cuales demostró sus altas condiciones de dirigentes y organizador que siempre se le han reconocido. Así mismo desempeñó altos cargos en el Centro Pontevedrés de Buenos Aires. En el ambiente comercial había logrado escalar el digno y honoroso puesto de socio Gerente de la firma Casasco y Cia., que tenía en él uno de sus firmes puntales; en el ambiente social y cultural argentino tuvo brillante actuación en la Asociación "Elena Larroque de Roffo" y otras y, en lo que se refiere al aspecto deportivo, fue miembro destacado de la C. D. del Club Atlético River Plate, así como del Club Riverplatense y algunas entidades más, pues, su dinamismo y su actividad le permitían dedicar esfuerzos a todo lo que él estimaba digno y fecundo.

El doloroso episodio de su fallecimiento se produjo el día 18 del corriente, cuando se hallaba en el Centro Pontevedrés dispuesto a asistir a una comida organizada en los salones de esa entidad por el Centro Coruñés; de improviso se sintió indispuerto y rápidamente fue llevado al Sanatorio del Centro Gallego donde, a los pocos momentos, dejó de existir, rodeado de sus familiares, miembros de la J. D. del Centro y gran número de amigos que se hicieron presentes de inmediato.

VELATORIO DE SUS RESTOS

Producido el deceso, cuya noticia se exparcó pronto por la ciudad, sus restos fueron trasladados al domicilio familiar en donde se levantó la capilla ardiente y en donde recibió el homenaje de una multitud de personas que testimoniaron



sentidas condolencias a la digna esposa del extinto y demás familiares. Pronto empezaron a llegar en gran cantidad las ofrendas florales que —anticipemos el dato— ocuparon siete carrozas al ser trasladadas a la Chacarita. Se destacaban entre las muchas coronas, las dedicadas por la esposa, los familiares allegados, Casasco y Cia., las del "Consejo de Galicia", Centro Pontevedrés, Comisión Organizadora del Primer Congreso de la Emigración Gallega, sus amigos galleguistas, Centro Gallego y su Comisión de Cultura y otras muchas de los organismos en que había actuado el señor Ferreño y de sus amistades, cuya nómina lamentamos no poder en detalle. El velatorio se prolongó hasta el día 20 por la mañana.

EL SEPELIO

El día 20 a las 9 horas, los restos del señor Ferreño fueron sacados de la que fuera su última morada vital, en la calle Córdoba, ante una enorme cantidad de gente que había concurrido y el cortejo fúnebre se dirigió al Centro Gallego donde hacían guardia de honor las enfermeras de la institución ataviadas con sus blancas vestimentas ostentando el emblema simbólico de la entidad y el distintivo de duelo; se hallaban presentes además, todos los miembros de la Junta Directiva, representantes del Cuerpo Médico y altos funcionarios del Centro, para rendir el postrer homenaje, que se hizo visible en la emoción de todos y entre un silencio impresionante.

Luego se inició el trayecto hacia la Chacarita donde llegó el cortejo a las 11 horas, siendo depositado el feretro a la entrada del Panteón del Centro Gallego, mientras hacían uso de la palabra, rindiendo tributo a la memoria del difunto, los siguientes oradores, por el orden que se citan: hab'aron:

Un miembro de la firma Casasco y Cia., por la misma.

El señor Néstor Iglesias, por el Círculo Riverplatense.

Un miembro de la C. D. del Club River Plate.

Un representante de la Asociación "Elena Larroque de Roffo".

El señor Ares Barcala, por la Agrupación "Galicia".

El señor Vicente Velasco, por el Centro Pontevedrés.

El Dr. Ramón de Valenzuela (en idioma gallego), por la Agrupación "A Terra".

El señor Ricardo Badia, por la Agrupación "Celta".

El señor José Villamarín, ex presidente del Centro Gallego.

Finalmente los restos del señor Ferreño fueron depositados en el Panteón social para que allí tengan el eterno reposo. ¡Paz al espíritu de José María Ferreño! Y recibamos sus atribulados deudos la expresión de nuestras sinceras condolencias.

Discurso de don Vicente Velasco, a nombre del Centro Pontevedrés

EL CENTRO PONTEVEDRES DE BUENOS AIRES, trae al sepelio de nuestro compañero y gran amigo: JOSE MARIA FERREÑO, su palabra de postrer despedida.

Quiénes transitamos los caminos del diario vivir nos encontramos fatalmente y con harta frecuencia ante la valla infranqueable que limita el fin de vidas terrenas, para entrar en los dominios de la eternidad. Pese a esa seguridad, el dolor transformado en emoción se hace incontinente y la voz se anuda en la garganta, cuando en instantes como éste, pretende traducirlo.

No es el momento de historiar la labor cumplida por FERREÑO en nuestro medio, ni señalar cuanto es lo que de él podíamos esperar. No faltará oportunidad de dejar debidamente asentado para ejemplo y guía de quienes nos sucedan, la obra cumplida con dedicación ejemplar; con modestia sin límites; con entusiasmo sin claudicaciones; con desinterés hasta el sacrificio.

La Colectividad Gallega pierde uno de sus más valiosos puntales. Una de sus más firmes columnas; FERREÑO fue de los hombres que jalonan su paso, dejando como mojoneros de su acción: girones de su personalidad, trozos de sí mismo!

Bien sabemos de eso los que tuvimos el honor de compartir tareas comunes y gozar del privilegio de su amistad: dada, como su vida, sin retaceos, con la generosa amplitud de quien no persigue ningún mezquino interés subalterno, sino que va en pos del ideal y que en cada paso... como el poeta en cada estrofa: exclama: ¡EXCELSIOR!... siempre más arriba... siempre más alto...

Si fue honor y placer compartir muchas horas de trabajos, inquietudes y anhelos, también nos fue dado sufrir en el breve tránsito que marcó su separación entre el "ser" y el "no ser" material.

Sus postreros momentos fueron vividos —como refirmación de sus más puros afectos— entre los brazos de su digna compañera y compartidos entre nuestra CASA y el CENTRO GALLEGO, entidades, a las que ofreció quizá, los más y mejores frutos de su inteligencia, de su saber y de su sacrificio.

Su corazón generoso, al dejar de latir —puede que fatigado de tanto dar— quiso hacerlo envuelto en los sentimientos del amor y de la amistad!

¡AMIGO FERREÑO!:

Aquí dejaremos tus despojos mortales... pero nos llevamos la esencia de tu espíritu. El recuerdo de tu amplia sonrisa, trasunto de tu alma, ha de permanecer a nuestro lado. Tu palabra reposada y tu sereno consejo para encauzar una obra o señalar una ruta, no han de abandonarnos. Tu sentido conciliador, capaz de embolar el dardo más acerado, hasta impedirle dejar el más leve escozor, ha de servirnos en los momentos de lucha y apasionamiento. ¡Perdemos tu compañía... nos queda tu ejemplo y tus enseñanzas...!

Pido PAZ en tu tumba, y mi sincera fé de creyente musita una efímera plenaria rogando a DIOS te conceda el lugar que a los justos les está reservado en el más allá...

HOMENAXES AOS MARTIRES GALEGOS O DA COMISION INTERSOCIETARIA

O aito orgaizado Pol-a Comisión Intersocietaria de Entidades Patrióticas Galegas, en lembranza dos Mártires Galegos, simbolizados na esgrevia figura de Alexandre Bóveda, que caíron asesiñados pol-a barbárie falanxista hespañola no ano 1936, levouse a cabo no casal do Centro Ourensán o día 17 de Agosto pol-a noite e viuse asistido de grande cantidade de público, que, coma todol-os anos en altos semellantes, acodiu a render honranza aos que morreron pol-as liberdades da nosa patria, Galiza.

No testeiro do salón presidían as bandeiras argentina e galega, a rente d-el-as, o busto de Alexandre Bóveda obra do escultor Maza coas ofrendas florais. Deu inicio o aito coas sagras estrofas do Hino Galego, acollidas ao findar con afervoado aprausamento.

Seguidamente o Segredario da Comisión Intersocietaria, señor Manuel Pedreira, pronunciou un discurso que foi unha crata exposición das ideas, sentimentos e arelas que animan a todol-os galegos que, infruídos pol-o eixemplo heroico dos mártires, desexan conquistar pra a nosa Terra as minúsculas liberdades precisas pra o seu desenrolo, económico, social, político e cultural; fixo un eloxio da personalidade de Bóveda e loubanzas de todos os que deron as súas vidas pol-o rexurdir de Galiza e se sacrificaron nobremente cor valor i-enteireza de ánimo, dimpos, tos a ser semente pra o porvir da nosa Patria. O señor Pedreira recibeu quentes aplausos.

FALTA SUAREZ PICALLO. Despois fixo uso da verba o Dr. Ramón Suarez Picallo que pronunciou unha maxistral i-emotiva alocución na que foi historizando todol-os feitos transcendentais da vida e da actuación política de Alexandre Bóveda, como home, como galego e como Segredario Xeral do Partido Galeguista e alma mater do grande movemento que se operou na nosa Terra n-aveles anos da República e que deron a tónica da varil ousantazón do galeguismo, imposta e guiada por Bóveda, rexida con craro senso de responsabilidade e con autoridade que ningún lle desautía, porque se sabía da súa sinceridade, da súa honradez, do seu patriotismo e de todal-as virtudes que se acochaban na súa esgrevia personalidade.

Reseñou o Dr. Suarez Picallo a obra feita en Galiza perante os tempos de orgaización do Galeguismo como forcia política, cando se atellaba o proleito do Estatuto, cando este xa estivo concretado, cando se fixo a propaganda no pobo pra o seu aprobamento no memorable Plebiscito, cando, despois tropezaba coas incomprensións e coas intolerancias dos centralistas reaccionarios, apegados ás vellas formas de goberno unitario e despótico, exercido dendes da meseta castelán; sinalou as loitas no Parlamento hespañol pra chegar a que o Estatuto Galego conquistase "estado parlamentario", fixo mención de que, en todol-os casos, Bóveda era o home que mellor enxergaba os problemas, políticos, sociais i-económicos de Galiza i-era tamen o que sinalaba as solucións mantendo unha autoridade e demostrando unha competencia incuestionables, así como a maestría que lle daban os seus coñecementos xenerales encol da vida do pobo galego.

Fixo tamen o Dr. Suarez Picallo unha crítica ouxetiva aos elementos antigalegos, xa fosen, algunhos d-eles, nados na propia Galiza

(aquel dous por cento que votou escontra do noso Estatuto) xa fosen hespañoles afeizoados ó centralismo cerril, tiránico e diutatorio, que impón pol-a forcia un sistema de goberno antinatural, antidemocrático, que malogra as fraternas convivencias dos pobos peninsulares, nega os dereitos das nacionalidades e trastosa o vivir común, mantendo os vencellos da forcia estatal, pro, sin conquistar avencellar ós pobos nunha verdadeira e fraterna irmandade, en igoaldade de dereitos e deberes. Creficou tamen ás forcias que, aparentemente non ser políticas, mais, séndoo na súa aución disociadora, pretendendo ser cristiáns, pro, sendo materialistas e carentes de espiritualidade, contrebuiroñ tamen ao fracaso do noso Estatuto, á caída da República e á traxedia da guerra que deixou bágoas, d-e-lor e tristura, sendo tamen ises malos "cristiáns", direita ou indelatamente, os causantes dos moitos crímenes que comentaron as forcas falanxistas, crímenes que non poderán perdoar os homes de ben, nin poderá perdoar o propio Deus, como non seia algun "ser antropol, morfo con un libro de entradas e saídas, que non casa coas sentimentos das xentes que sinen a relixión do amor e do ben".

Findou o Dr. Suarez Picallo rendendo un afervoado homaxe a todo os homes que, en Galiza, en Hespaña, e no mundo enteiro, caíron na defensa da liberdade dos homes e dos pobos.

O maxistral discurso de Suarez Picallo pol-o seu rontido conceitual, pol-a súa vibración emocional, pol-a forma e fondo que lle donou o orador, foi unha peza de singular valemto escrarecedor e de loubanza ós nosos mortos gloriosos. Por elo, ao findar, o público acolleuno con atroante aprausamento. Con elo deu remate iste alto de afervoado patriotismo, de honranza aos nosos mártires, de esperanza e de fe no porvir da nosa Patria.

NA FEDERACION DE SOCIEDADES GALEGAS

No salón Federal, rua Chacabuco 947, o día 16 de Agosto pol-a noite, realizouse un homenaxe ás vitimas do falanxismo hespañol, orgaizado pol-a Federación de Sociedades Galegas, que tivo o seguinte desenrolo: No proscenio campaban as bandeiras argentina, galega e a da República Hespañola; deu comenzo o aito coa eixección do Hino Argentino; logo fíxose ouvir o Hino de Riego, cantado pol-o Coro que dirixe o mestre Maceira e, a seguido, escoitouse o Hino Galego, todos os cales fecton levemente aprausados pol-o público asistente.

Logo fíxeron uso da verba, pol-o orde en que se citan os seguintes oradores: O Segredario de Relacións da Federación, señor Alberto Portas; o Presidente da Agrupación de estudantes hespañoles, señor Gustavo Soler; o Dr. Ramón de Valenzuela Otero, que falou en galego; a Señora María Teresa León e o Dr. Antón Baltar, que tam-n se espresou no noso idioma e con cuio discurso se pechou o aito que foi moi significativo. Todol-os oradores recibiron o quente aprausamento do público que henchía totalmente o salón.

A SEGURESE

NON CORRA RISCOS

Asegurese en contra dos accidentes que poidan sucederles as persoas que traballen por conta de vostede

ASEGURE A SUA VIDA
ASEGURE A SUA CASA
ASEGURE O SEU NEGOCIO
Chame por T. E. 97-9033
A. RIOS

LA SASTRERIA FINA

De MANUEL PADIN y Cia.
OFRECE CALIDAD Y
GARANTIZA LO QUE VENDE
SAN MARTIN 552 - T.E. 31-5585

FABRICA DE PARAGUAS

"La Orensana"

CARLOS CALVO 1137

T. E. 23-3030

PAPELES PARA ARTES GRAFICAS Y DE ENVOLVER EN GENERAL

CASA ITURRAT

SOCIEDAD ANONIMA COMERCIAL

Buenos Aires

ALSINA 2218-52

T. E. 47-0021

LISTA Y SACO

SASTRERIA DE MEDIDA

TRAJES A MEDIDA EN FINAS TELAS
DESDE \$ 800.—

CORRIENTES 1762

T. E. 40 - 2522

Crónica dos Actos do Histórico Primeiro Congreso da Emigración Galega

SESION PREPARATORIA DO CONGRESO

No casal do Centro Orensano, escenario de tantos acontecementos patrióticos da nosa colectividade, levouse a cabo o día 24 de Xullo a Sesión Preparatoria do Primeiro Congreso da Emigración Galega, convocado pola felix iniciativa do Consello de Galicia.

Participaron da xuntanza numerosos delegados das colectividades galegas de México, Venezuela, Chile, Uruguai, Brasil, Cuba e Arxentina. Por unha folga de persoal de aviación, non poideron chegar a tempo de estar presentes nesta sesión outros delegados de México e Cuba eo delegado de Nova York.

Após da revisión das correspondentes credenciais, dou comenzo a histórica xuntanza co Hino Galego que foi coreado polos presentes con patriótica emoción. A seguir o Presidente da Comisión Organizadora D. Manuel Puente deu a benvida aos congresistas agradecendo a todos a súa presenza e colaboración; puxo de releve, con axeitados conceptos, a transcendencia histórica do aitoque se estaba realizando ea importancia e gravitación que por o devir de Galicia ían a ter as xéiras que no intre se encetaban.

Pasouse logo a eleixir as autoridades do Congreso. Despois da intervención dalgúns delegados que espuxeron seus pareceres, aprobouse por acaramación a lista seguinte:

Presidente: D. Xesús Canabal, delegado de Montevideo.

Vice-presidente 1º: D. Xerardo Álvarez Gallego, delegado de Cuba. Vice-presidente 2º: D. Marcial Fernández, delegado de México.

Segredarios: D. Avelino Díaz, delegado de Caracas e D. Xohan Martínez Castro, delegado de Montevideo.

Prosegredarios: D. Enrique A. González, delegado de Comodoro Rivadavia e D. Ramón Valenzuela, delegado de Bos Aires.

A seguido da elección das autoridades e nun clima de aceso entusiasmo patriótico, que foi a tónica na que se desenrolou a sesión, acordouse, tamén por acaramación, que o Congreso estivera presidido simbolicamente polos esgrevios nomes

de: Alfonso R. Castelao, Alexandre Bóveda, Antolín Faraldo, Rosalia de Castro, Vixinia P. de Castelao, a nai do mártir Bóveda ea mártir Manuela Sánchez.

Decontado aprobouse unha proposta da delegación do Uruguai de enviar un telegrama de salutación ao Goberno daquel país, así como tamén a que, no mesmo senso, fixeron os delegados locais con respecto ao Goberno arxentino. As dúas propostas foron afervoadamente aprausadas.

Despois de unhas quentes verbas, de agradecemento e de incitación a traballar con harmonía e forte empeño, ditas polo presidente que acababa de se eleixir pra dirixir o Congreso, D. Xesús Canabal, aprobouse unha moción de facultar a presidencia pra designar as Comisións que terían a seu cargo o cisman das credenciais eo estudo das ponencias, pasándose a coarto intermeio.

Reanudada a sesión, o Presidente Sr. Canabal deu conta da composición das Comisións, cuxa lectura foi rubricada con fortes aprausos, a saber:

CRECENCIAIS: A) Don Valeriano Sico, Don Manuel Folla, Don Manuel Pazos, Don Marcelino Martínez, Don Isidro Rodríguez Amodeo, B (Apartado A) Dr. Ramón Rey Baltar, D. Antonio Rodríguez, D. Domingo Cabello, D. Indalecio Álvarez, D. Alfonso Montero, C (apartado B) D. Lino Pérez, D. Abelardo Estévez, D. Ramón Valenzuela, D. Roxelio Rodríguez de Breñaña, D. Antonio Rodiño, D (apartado C - Inciso a) D. Manuel Pedreira, D. Indalecio Tizón, D. Francisco Graña, D. Antonio Fernández Pérez, D. Manuel Ucha, E (apartado C - Inciso b) Dr. Francisco Comesaña, D. Daniel Calzado, D. Maximino Matalobos Loureiro, F (apartado C - Inciso c) Sr. José Ferreiro, Sr. Bleito Cupeiro, Sr. Xulio Fernández, Sr. Xerardo Díaz, Sr. Ricardo Flores, G (apartado C - Inciso d) Dr. Emilio González López, Dr. Luis Tobío, Dr. Ramón Suárez Picallo, Sr. José Velo Mosquera, Sr. Rodolfo Prada.

DISCURSO DO PRESIDENTE DA COMISION ORGAIZADORA DO CONGRESO

Señores Membros do Consello de Galicia:

Señores Delegados ao Primeiro Congreso da Emigración Galega:

Como Presidente da Comisión Organizadora do Primeiro Congreso da Emigración Galega, ea nome da mesma, correspóndeme a grada e honrosa misión de abrir esta estra-

te tamén unha forte e garimosa aperta irmáncina, saúdo que ten, así mesmo, pra os delegados forasteiros, o senso de sincera expresión de benchagada a esta nobre e grande República Arxentina xenerosamente acolledora en ambiente de paz e de liberdade.

E xunto co saúdo aos delegados,



D. Manuel Puente, presidente da Comisión Organizadora do Congreso, falando na sesión preparatoria.

ordinaria e promisoro xuntanza de irmáns galegos que temos sido arrincados do sagro seo da Terra. Nai pola epopéyica aventura da emigración e que estamos espallados por todas as latitudes das Américas.

No limiar de iste trascendental acto, miñas primeiras verbas teñen de seren de saúdo a todos vós...; mais non de sempre saúdo, espresado pola mera razón de curtesía ou de protocolo, senón de quente e emozado saúdo que sae do corazón do ánimo do noso estivo. Saúdo afervoadamente que en si

teño de espresar, a nome da Comisión Organizadora, nosa fonda gratitude a todas as entidades eiqui representadas, as de fora e as de dentro do país, pola acollida tan boa que dispensaron ao chamado patriótico que se lles fixo, así iste ledizoso e casi milagrento reencontro familiar, que se da baixo de dous sinos auspiciosos i escrarecedores o histórico Banquete de Conxo que foi belida espersión de ideas de democracia e de Liberdade; eo Día de Galicia, que determina e programa en cada ano,

(Continúa en la página 15)



D. Xesús Canabal, presidente do Congreso, falando no acto inaugural.

A HISTORICA SESION SOLEMNE DO CONGRESO

O día 25 de Xullo, Día de Galicia, realizouse no Salón do Centro Asturiano, rua Solís 475, a grande Sesión Solémne do Primeiro Congreso da Emigración Galega. O salón atopábase ategado de xente que reverquía pol-as bandadas no vestíbulo, e chegaba até a rua; por todos os ámbitos ollábase un voar de bandeiras galegas, que se movían coma si un vento chegado da Terra lles fixera tremecer e abanearse, ledamente. As dúas bandas do proscenio, en dous grandes apreixos, estaban as bandeiras dos países americanos; sober do pano do fondo do escenario, deixábase ollar o grande Mapa de Galicia, de Fontán, e as beiras de iste, as bandeiras arxentina e galega presidían ista adunía. Na Mesa dos periodistas estaban os representantes da Prensa de Bos Aires, dimpostos pra a súa labouira informativa.

Ainda non tiñan chegado as delegacións de Nova York, México e Habana, as que se agardaban pra esa noite ás 24 horas no aeródromo, de xeito que non asistían a esta xuntanza solémne. N-un intre de fonda emotividade, ao se erguer o pano do proscenio, atopábanse no escenario os membros da Mesa do Congreso, os da Comisión Organizadora e outras personalidades e representantes de entidades que se adheriron ao Congreso.

Na súa habia un romer con acento de patria, un homenaxe a Galicia que se lle facía espresivo no revoar das bandeiras por enriba da xente. Houbo un intre de emocionante silencio no que soe as bandeiras falaban co seu mudo linguaxe azul e branco.

O aito deu comenzo como n-unha liturxia: as estrofas do Hino Galego saíron dos beizos da moitedume como un canto de

groria, ou unha pregalla devota; e, cando findaron, houbo un atroante aprausamento. Fotógrafos e operadores de Televisión enfocaron o proscenio i-o salón en todas direccións. Revoaban en silencio as bandeiras nun fruxo e refruxo azul e branco, como as ondas dun mar calmo e cariñento.

Seguidamente, o señor Antón Suárez do Pazo anunciou polo micrófono que aínda non tiñan chegado as delegacións nomeadas e que ía a facer uso da verba o Presidente da Comisión Organizadora, Don Manuel Puente, quen, prenunciou o discurso seguinte: Despois dos longos aprausos que rubricaron as verbas de D. Manuel Puente, falou o Presidente do Congreso, Don Xesús Canabal, que tamen se espresou con afervoadada unión galega, con axeitados conceptos, que foron aprausados longamente. Logo falou o Segredario do Congreso, representante por Montevideo, Señor Xohan Martínez Castro, facendo unha esposición encol dos problemas da emigración e outros teimas atinentes ao Congreso, recibindo o asentimento do público que lle donou aprauso.

Seguidamente deuse lectura á nómina de entidades e delegacións dos diversos países, que interviñan no Congreso, así como das que se adheriron e mandaron representación a iste aito. A continuación de isto prenunciou un discurso o Dr. Francisco Comesaña, representante por México, versando o seu tema sobre a grande penalista galega Concención Arenal, estudando a obra e labours d-esta muller con fondura e en relación coas esenciais das súas humanas doutrinas. Foi mui aprausado ao remate.

Falou despois o representante de Caracas, Dr. Xosé Velo Mos-

quera, que racionou o seu tema cos emigrados e Galicia; tivo verbas de fonda emotividade que, ao longo da disertación, emocionaron á xente e fixeron xermolar un sentimento de Patria Galega nos corazóns dos ouvintes; sinalou vieiros e fitos pra o porvir de Galicia e tivo verbas de fraternidade e senso ecuménico, así como patrióticos conceptos que o público acolheu con cariñenta manifestación de aprausos, que lle foron trebutados pol-a xente posta de pé.

Como remate do aito falou o Dr. Ramón Suárez Picallo, delegado por Chile, encol da emigración, en relación coa nosa Terra i-ós seus fillos emigrados; sinalou as labours que se deben facer no adiante pra contar o exodo dos galegos a fora do país e pra agradecer á nosa patria dende o propio seo d-ela, mellorando as condicións de vida do noso pobo pra que este se sinta feliz na súa terra e non teña que emigrar en busca do pan e das liberdades ás terras alleas; suscitou así a emoción dos escoitantes que tamen o fixeron ouxelo do seu aprausamento afervoadado.

Derredidamente as bandeiras, que foran espalladas pol-as "Moedades Galeguistas", voltaron a voexar coma un homaxe á Patria Galega, coma unha promesa que lle facían os seus fillos denda lonxanía da emigración, como testemuña de que non a esquecen e traballan pra vel-a redimida, ceibe e feliz. Con elo deu remate ista Sesión Solémne do Primeiro Congreso da Emigración Galega, sesión que acadou outa xerarquia, que será memorable na historia dos emigrados e que foi un diño espóñente dos anxeos que latexan nas almas dos galegos espallados pol-a mundo adiante e do seu amor á Terra matria.



Vista da platea do Salón-Teatro onde se celebrou a solene sesión inaugural do Congreso da Emigración Galega.

Discursos no Acto Inaugural do Congreso da Emigración Galega

DISCURSO DO PRESIDENTE D. XESUS CANABAL

Comenzou o señor Canabal agradecendo a distinción que se lle fixo de desinalo presidente do Primeiro Congreso da Emigración Galega, cargo que aceptou coma unha ineludible obriga patriótica. A seguir dixo:

"A emigración galega é un feito de vastas proporcións que se ven desenrolando desde fai moitos anos e nun amplo escenario. As repercusións que este feito tivo e ten pra a vida do noso pobo e pra os países onde vivimos son, de certo, considerables. Moita axuda teñen dado os emigrantes galegos á Terra; axuda económica, espiritual, cultural; e moito é o que poden seguir dando, en ben do seu desenvolto, do seu melloramento."

"Non é pouco o que os galegos emigrados xa teñen axudado uns aos outros, xa en maneira privada e particular, xa o traveso das sociedades que se crearon; i-esta axuda debe manterese e perfeizárese por razón de solidariedade humana e de frmandade de caste. En fin, é tamén importante o que as nosas colectividades, teñen dado, en enerxía de traballo, en capacidade i-esprito de iniciativa, en aporte cultural, individual e colectivo, ás nacións onde vivimos; e-e evidente que esta compenetración coas nosas segundas patrias debe facerse aínda mais estreita e frutífera, se cabe."

"N-este congreso teremos ocasión d-estudar, en todos os seus aspectos, os problemas da nosa emigración e proporner as directrices que deben orientar no porvir as nosas actividades a íse respecto."

Espero que de estas xuntanzas que hoxe se encetan saian orientacións axeitadas e ben inspiradas. Así o fai esperar a competencia i-entusiasmo dos que nelas van participar e a queños quero dirixir un cordial e afervorado saúdo. Interpretando os sentimentos de todos nós, agradezo en primeiro termo ao Consello de Galiza pol-a felis iniciativa que tivo ao convocar este Congreso, a a Comisión Orgaizadora que levou a cabo os traballos preparatorios con tanto acerto e dinamismo. Celebrase o congreso baixo a evocación do Banquete de Conxo, do que este ano se compra un século, d'aquel acto de irmandade galega, encheito de un outo esprito de democracia e liberdade, e que marcou data senlleira na historia do rexurdimento galego. No Banquete de Conxo artesáns i-estudantes de Galicia, traballadores da man e do cerebro, xunguironse en fraterna aperta pra eisaltar nobres sentimentos."

"Así tamén n-este Congreso da Emigración Galega, os galegos que estamos desta banda do Atlántico, homes tamén de traballo, manual ou intelectual, có pensamento posto na Terra imos estudar os nosos problemas, espor os nosos puntos de vista sobre as cuestións que nos interesan, á lus e baixo a inspiración dos mesmos ideás."

"Agradezo asimesmo as sociedades galegas de toda América, e moi particularmente as mais lauzanas, que decidiron participar n-estas xei-ras por intermedio dos seus delega-

dos, e aos demais congresistas, a súa presenza e a súa disposición a tomar parte nas deliberaciónes. E agradezo sobre todo á colectividade galega da Arxentina; cuio constante e soslido esforzo a prol da causa de Galicia, constituíu pra ela timbre de gloria e un exemplo pra os demais galegos que andamos espallados pol-a América. O seu inesgotable e outo entusiasmo fíxo posíbre este Congreso."

"Finalmente desexo espresar eiqui, no nome de todos os congresistas, o noso testemuño de simpatía e recoñecimento, o nobre e grande pobo arxentino, avencellado ao noso, dende fai moito tempo, por tantos e indestructíbles lazos, que con agrimo acollén sempre aos nosos irmáns e que tanto afecto e intrín mostrón sempre pol-a nosa cultura e os nosos problemas."

"A Rep. Arxentina, na que reside a maior das colectividades galegas emigradas, danos hoxe hospitalidade pra celebrar este noso Congreso, coa xentileza e cordialidade de sempre."

"E agora, meus queridos compatriotas, a traballar roxo n-estes días que poden marcar unha data trascendental na nosa historia. Aportade todos as vosas ideás, o froito das vosas meditacións i-esperencias, pra que, nun libre e democrático intertroque d'opinións, poidamos escoileitar aquelas fórmulas e principios orientadores que sirvan pra endereitar as actividades da nosa Emigración p-los camiños que comp-re seguir en ben de Galiza, de América e da Humanidade."

Discurso do segretario D. Xohan Marínez Castro

Irmáns galegos d-América:
No nome da Delegación uruguia os dirixo a verba.

En primeiro termo recibide unha forte e amical aperta dos galegos de República de Uruguai, que n-ista data grandeira pra Nosa Patria Galega, sintense xungidos a vosoutros, pol-os azos mais fortes, fondos e indestructíbles: O sentimento, e esprito, o sagro amor a Nosa Terra Nai, Galiza.

Queremos deixar o testemuño do noso agradecimento a Comisión Organizadora d-iste Primeiro Congreso da Emigración Galega, que fíxo posíbre c-os galegos espallados pol-a América, nos xuntarmos baixo a bandeira azul e branca n-iste gran Bos Aires (a cidade de mais galegos do Mundo) pra estudiar e resolver os nosos problemas, os que nos son comúns a todos.

Os galegos afincados no Uruguai coído eu que, comprendemos perfectamente os problemas da emigración galega, cara a Nosa Terra. Ahí a outra veira d-iste Río, un país pequeno, amóstralle ao Mundo enteiro ca liberdade non é s-omentes unha 'verba, senon unha realidade, unha necesidade pra vivire, non esistire coma o mesmo ar.

Galiza pra o seu desenvolto cultural, político e económico, nece-sita coma os demais pobos do Mundo, liberdade. Os galegos compartimos o coñecido dogma de Masarik: "A democracia ten coma fin o home; coma filosofía a liberdade, e coma método a razón".

Non digo ningunha novidade ao afirmar a urxente necesidade, a importancia de cos galegos do Mundo enteiro estrechemos fias. A unidade ten que sere unha cousa tanxible, certa, parpabre

Nos os galegos temos unhas características propias da nosa raza celta, magníficas, pra conquistar o que, nos propoñamos. Somentes e necesario canalizar as accións. Hoxe o galego mais ca nunca sinte o grito da súa estirpe, de súa Terra, que xa non se contenta con sentila e amala, senon que se apresta a destacar diante do Mundo, a súa personalidade histórica, ecuménica e cultural; tendo pra isto último un vehículo maravilloso que é a nosa beida lingua, ísta lingoa ca afloza aos meus beizos, ísta lingoa de grandeira historia, e na cal os galegos temos a obriga ineludible de falar, coídar e manter coma o mais preciado dos nosos tesouros.

Coido que se ten falado d-abando e que todos nos sentimos xungidos pol-as mesmas arelas e inquedanzas. Cumpre pois poñerse a traballar firme e arreo, sin acougos, cara a Terra Nai, hasta conseguir o lugar que por dereito propio nos corresponde no concerto Mundial dos Pobos.

Ben di a manifestación d-iste Congreso ca non podemos seguire aos tombos sen sabere a xeito o que nos compra facer. Diante do Mundo Novo hai que sabere tomar posicións, hai que sabere escoller. Pois ben, pregoos irmáns ca nos amamos, ca istas datas ca estamos vivindo d-afervorado amor patrio, sexan o escomenzo d-unha labou-ra de conxunto pra solucionar e avanzar, de conquistar grandeiras solucións aos problemas da emigración galega.

Pra terminñar dígoles aos vellos loitadores, eiqui presentes: Suárez Picallo, Alonso Ríos, Canabal, Puente, Abaira, Prada, Regueira, Avelño Díaz, Perfeuto López, e tantos outros cuia lista é longa, ca poden estar tranquilos que existen moitos homes novos, xóvenes en cuíos corazóns sinten igual ca íles o sentimento a Terra en que fumos nados.

"TERRA A NOSA".

